

Estamos ante unha paisaxe agraria da área mediterránea. Nesta área podemos ter unha agricultura de secano que descansa sobre a triloxía clásica de cultivos (cereais, oliveira e vide), extensiva, que se adapta ás condicións climáticas e edafolóxicas dominantes desta área e non necesita máis aporte de auga que a caída polas precipitacións. A outra paisaxe que podemos atopar, especialmente, no litoral levantino é a agricultura de rega. Esta paisaxe recollida na imaxe corresponde con este tipo de agricultura que precisa unha notable infraestrutura de rega. É de tipo intensivo, os seus rendementos son moi notables e ten unha importancia enorme como produto de exportación. Podemos dicir que a horta de Europa está localizada no litoral levantino. As comunidades por onde se estende son: Andalucía (na parte leste), Rexión de Murcia, Comunidade de Valencia e Cataluña. O clima desta área ten uns invernos suaves, sen xeadas, e uns veráns calorosos cunha aridez que oscila de tres a seis meses. A precipitación é moderada no nordeste peninsular, pero vai descendo a valores escasos, semidesérticos no sueste peninsular. Así pois dende o punto térmico goza dunhas condicións idóneas, se ben, ten a dificultade das escasas precipitacións. Os solos son moi fértiles, froito da acumulación de materiais sedimentarios arrastrados polas chuvias torrenciais. Isto dá lugar a unha chaira litoral moi produtiva que contrasta coas estribacións montañosas próximas dos sistemas Béticos, Ibérico e Costeiro catalá. Dominan os materiais arxilosos e calcarios. A zona contén numerosos acuíferos dos que se extrae auga. Famoso é o Tribunal das Augas de Valencia que historicamente dirime os conflitos entre regantes. As técnicas de aproveitamento das augas remóntanse aos tempos da presenza musulmá, na Idade Media, que ademais é a introdutora de novos cultivos (arroz, cítricos, produtos de horta). En tempos recentes o incremento da superficie de rega aumentou as necesidades de auga o que derivou no polémico transvase Tajo- Segura que beneficia aos regantes murcianos en detrimento do uso da auga que puidera destinar a comunidade de Castela- Mancha. Na área almeriense destaca o cultivo baixo plástico con técnicas modernas como os cultivos enareados e os hidropónicos. A orientación destes cultivos cara os mercados europeos, cunha notable rendabilidade económica, fixo que unha área desértica e de baixa renda per cápita como era a provincia de Almería acabara por transformarse nunha provincia onde a xeración de riqueza atrae a unha numerosa poboación inmigrante que son a man de obra que se emprega nos invernadoiros. O grao de sustentabilidade ante o crecemento da área de rega é un dos problemas ambientais aos que se enfronta España. O custe ambiental destas prácticas agrarias intensivas orientadas ao mercado deixa resultados negativos en áreas sensibles como a Manga do Mar Menor onde hai procesos de eutrofización pola masiva presenza de nitratos nas súas augas como consecuencia do uso masivo de fertilizantes. Estes procesos reducen os niveis de osíxeno nas súas augas coa consecuente morte da fauna da zona. Outro problema ambiental é a salinización de moitos acuíferos costeiros ao producirse unha sobreexplotación das súas augas. Outro problema ambiental está relacionado co delta do Ebro onde hai procesos de regresión e subsidencia producidos pola redución do aporte de sedimentos do Ebro pola proliferación de encoros. Finalmente estas prácticas agrícolas intensivas precisan cada vez unha maior cantidade de fertilizantes pola degradación dos solos e un incremento de de axentes químicas nas súas augas superficiais e subterráneas.